

---

# SOÑAN OS ANDROIDES CON OVELLAS ELÉCTRICAS?

Texto de PHILIP K. DICK

Tradución de FERNANDO MOREIRAS

Ilustración de cuberta de ADRIÀ FRUITÓS

---

Encadernación rústica. 13,5 x 20,5 cm. 296 páx. 17 €.

ISBN 978-84-16721-44-3. Narrativa. Faktoría K.

*A consigna que reiteraban os carteis, os anuncios de televisión e os correos masivos do goberno dicía:*

*«Emigración ou dexeneración, ti elixes!».*


*Rick pensou que era moi certo mentres abría a cancela do pradiño e se achegaba ao carneiro eléctrico.*

*«Pero eu non podo emigrar –dixo para si–. Polo traballo.»*

Un mundo cheo de pó radiactivo provocado por unha devastadora guerra nuclear que aniquilou a maioría dos animais e que obrigou a emigrar a boa parte da poboación mundial é o apocalíptico escenario de “Soñan os androides con ovellas eléctricas?”. Os superviventes cobizan calquera criatura viva e, quen non pode pagar para tela, consegue réplicas de asombroso realismo. O protagonista desta novela de ciencia ficción é Rick Deckard, un ex-axente mercenario que se dedica a cazar -ou retirar- androides renegados. As unidades dun modelo de última xeración, case idénticas aos humanos e que chegaran á Terra fuxindo dunha colonia espacial onde eran pesimamente tratados, son o seu novo obxectivo. Pero os Nexo-6 son case imposibles de distinguir das persoas de carne e óso. Esta dificultade causaralle non poucos problemas e fará que teña que afrontar situacións que endexamais imaxinara; axiña os coñece, cambia a súa percepción e entende o aprezo que teñen pola vida.

Os difusos límites entre o natural e o artificial, a decadencia da sociedade, a degradación da existencia e os lindeiros da ética no uso da tecnoloxía planean nesta historia enmarcada no subxénero *ciberpunk*, cunha estética asociada ao caos, á destrución e á ruína territorial, física e moral. Unha parte da crítica entendeu a obra como un alegato a prol da humanidade, en contraposición coas máquinas, por perfectas que sexan, diante da incapacidade destas para sentir empatía.

Publicada en 1968, o autor situaba os acontecementos deste pesadelo tecnolóxico á altura de 2021, unha época que -coa actual perspectiva- semella inverosímil, pero que a 50 anos vista dende a súa publicación orixinal, podía resultar plausible. Esta gran novela de Philip K. Dick chegou ao gran público a través da versión libre que fixo para o cinema o director Ridley Scott, en 1982: “Blade Runner” é unha obra mestra da sétima arte e da ciencia ficción; en 2017 estreouse a súa continuación.



---

■ **Temática:** ciencia ficción.

■ **Destinatarios:** lectores xuvenís e adultos.

■ **Aspectos destacables:** reflexión sobre os límites entre o natural e o artificial, ética no uso da tecnoloxía, alegato a prol da humanidade; novela na que se inspirou a película “Blade Runner”, de Ridley Scott.

■ **Avance do libro:**

<https://issuu.com/kalandraka.com/docs/soñan-os-androides-g>

---

## Philip K. Dick

(Chicago, 1928 - Santa Ana, 1982)

Autor de 36 novelas -“The man in the high castle” e “Ubik” son algúns títulos sobranceiros- e máis dun cento de relatos, a súa traxectoria literaria a nivel profesional comezou en 1952. A política e a socioloxía estaban presentes nas súas primeiras obras, derivando posteriormente cara á metafísica e á teoloxía. As revistas *pulp* foron o soporte onde se publicaron moitos dos seus textos breves, entre os que destacan “Beyond Lies the Wub” e ao que seguiron “Planet Stories”. Tamén salientaron “A Scanner Darkly” e “SIVAINVI 1”, nos que reflectiu parte da súa experiencia vital e os seus problemas coas drogas, a paranoia e a esquizofrenia. De feito, viviu practicamente na pobreza e só un tempo antes da súa morte recibiu o recoñecemento da crítica e do público. Non chegou a ver en pantalla a coñecida “Blade Runner”, adaptación cinematográfica de “Soñan os androides con ovellas eléctricas?”. Na actualidade é un dos autores máis apreciados do xénero da ciencia ficción.

---

www. **kalandraka** .com

comunicacion@kalandraka.com

---